

20:00

Conferencia José María García Martínez

Intervención de Mr. Dixie Jazz Band

Escola Universitaria de Formación de Profesorado

José María "Chema" García Martínez empezou escribindo no diario "Ya" (1979-1990). Foi delegado en Madrid da revista "Quartica Jazz" (1983-1987) e corresponsal en España da revista "Jazz Podium" e a "European Jazz Federation" (1987-1990). Durante un tempo, dirixiu e presentou algúns programas de radio. Tamén traballou como asesor artístico para diversas discográficas. Na actualidade escribe en "Ritmo", "Telva", "La Clave" e "Nickelodeon", entre outras publicacións. É membro do Consejo de Redacción de "Cuadernos de Jazz" e exerce o cargo de director artístico en "Sichem Music" (promocións musicais)

Alí poderás recoller o teu billete gratuitamente para o concerto da noite no Club Clavicémbalo. Coa colaboración de Escobijazz

23

21:00

Concerto Mala Herba. Ciclo Lubicán

Trío de violín, zanfoña e acordeón. Escola Universitaria de Formación de profesorado

O grupo "Mala Herba" nace hai dous anos. Traballa moita composición propia e tamén temas tradicionais adaptados aos seu estilo, unha viaxe por diversos ritmos e influencias, de Galiza e de fóra, pasa por muiñeiras, pasodobres, mazurcas e danzas, até os sons balcánicos, valsa e tangos

24

20:30

Concerto Orquestra de Cámara Galega

Círculo das Artes
Coa colaboración da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Fundación Rogelio Groba

Fundada en 1995, a Orquestra de Cámara Galega (OCGA) realiza o seu debut dentro do *XLIV Festival de Ópera da Coruña*. Presenta un repertorio que abrande diferentes épocas e estilos, do barroco temperán á actualidade, facendo fincapé nos autores contemporáneos. Nesta liña, desde 2003 a súa actividade estivo ligada ao estudo e difusión da obra de Rogelio Groba, canalizada a través dunha estreita e constante colaboración coa Fundación R. Groba

Recentemente actuou no prestigioso festival vienés *Spanish Modern* con grande acollida por parte do público, presentando estreas absolutas de obras de compositores galegos, e realizou unha exitosa xira por Arxentina actuando en lugares tan emblemáticos como a Igrexa de Santa Cruz, o Antigo Congreso ou o Teatro



Metropolitan. Esta serie de concertos foi o preámbulo dunha intensa xira realizada no último cuadrimestre de 2007 que levou a esta formación a actuar por toda Galiza e o resto do Estado

A OCGA segue o modelo de dirección do século XVIII a través da figura do director-concertino, posto ocupado desde a súa formación por Rogelio Groba

25

10:30

Ruta estacional con Xurxo de Vivero e Eduardo Ochoa

Saída do miradoiro do Parque de Rosalía de Castro. Previa inscrición

26

20:30

Teatro Compañía Odin Teatre

Presenta en Galiza *As grandes cidades baixo a lúa*.

Auditorio Gustavo Freire

Dirección: Eugenio Barba. Un concerto polo Odin Teatre no espírito de Bertolt Brecht.

Con: Kai Bredholt, Roberta Carreri, Jan Ferslev, Tage Larsen, Augusto Omolú, Iben Nagel Rasmussen, Julia Varley, Torgeir Wethal, Frans Winther e Donald Kitt

A lúa observa e deslízase sobre o lume debaixo das cidades, desde a metrópole de Europa ás de Asia Menor, desde Hiroshima a Halle, desde a China imperial a Alabama. A súa voz burla, asombra, indiferente ou dolorosa, do frío ao incandescente

A súa compaixón non coñece a melancolía, non hai consolo Odin Teatre de Dinamarca, mítico grupo fundado polo italiano Eugenio Barba, de 70 anos, exerceu a súa

carreira en Dinamarca, onde fundou en 1964 o Odin Teatre, unha das compañías máis influíntes do teatro europeo das últimas décadas, convertida hoxe en toda unha factoría escénica. Tamén é o inventor, xunto a outros, do concepto de antroploxía teatral e xenerador, a partir das súas viaxes por Latinoamérica, do concepto de Tercer Teatro. Un teatro que non busca entrever nin defender teses. Só fai preguntas para as cales cada un debe encontrar as súas propias respostas

Entrada libre a todas as representacións, agás no Odin Teatre, entrada 5 euros. Aforo 400 persoas

Inscricións nas rutas (3 euros) e venda anticipada para Odin Teatre a partires do día 14

Vicerreitoría de Cultura

Praza Pío XII, 3, Lugo

982 285 900, extensión 21511

www.lugocultural.es

En caso de choiva o concerto **Aló Irmão** será no Círculo das Artes e o de **Panume** no Auditorio da Facultade de Veterinaria

Danza

Ciclo *Xa que pasas* pola cidade e vestíbulos das Facultades O Espazo de Danza Universitario presenta a Compañía Traspédiante
Intérpretes: Marta Alonso e Begoña Cuquejo

Banda deseñada

Nas fachadas dos edificios universitarios

Exposicións

Tolerancia Zero Sala Isaac Díaz Pardo. Facultade de Veterinaria

A Ronda Fotografías da Compañía de Teatro da USC-Lugo. Facultade de Ciencias

LUGO * CULTURAL

SEMANA deBENVIDA

19-26
OUTUBRO
08



O convenio Lugo Cultural formado pola USC, Concello de Lugo, Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo, Creación e Difusión Cultural da Xunta de Galicia e Fundación Caixa Galicia xestionado pola Vicerreitoría de Cultura da USC dan a benvida aos/as estudantes nesta semana que encontrarás xente, gozarás de camiños, concertos, conferencias, exposicións, da fotografía e da banda deseñada

Lugo Cultural programa actividades durante todo o ano

Músicas a carón da Mosqueira

Primeiros luns de mes. Música clásica

Lubicán

Cuartos xoves de mes. Música de grupos Galegos

Entre Lusco e Fusco

Recuperación de espazos escénicos. Parque Rosalía de Castro. De xullo a setembro

Música experimental

Maio

Festival Internacional de Teatro

Universitario

Marzo

Encontro de Danza Europeo

Abril

Curso de Primavera

Rutas

Estacionais e Primitiva

Anda na Banda

Coñece a banda deseñada galega

Maratona Fotográfica do Campus

Abril

Exposicións

Consulta a páxina web:

www.lugocultural.es

19

17:00

Ruta camiño primitivo con Lois Diéguez

Coñece de perto a historia do camiño ao seu paso pola nosa cidade, goza das personaxes que irás atopando e remata cun bo chocolate xusto Saída desde o Barrio da Chanca. Previa inscrición

21:00

Concerto Aló irmão

Manecas Costas e Fran Pérez. Praza de Santa María

“Aló irmão”, un encontro creativo dun dos artistas máis sorprendentes do actual panorama musical de Galiza, Fran Pérez Narf, co grande guitarrista e cantante africano Manecas Costa

Dous “cancionistas” que se xuntan para encontrar o punto equidistante entre dúas personalidades de profunda identidade, e tender novas pontes entre dous universos culturais destinados a entenderse

O potente latido africano de Manecas Costa xúntase ao incansabel espírito aventureiro de Narf, e da faísca xorde un regueiro de ideas que dá a luz a unha torrente de sensacións

Música innovadora para o mundo de hoxe, que soa cunha voz: a da emoción, a que non coñece máis fronteira que a do aire para vibrar. Dous cantantes e dúas guitarras é todo necesario para dar forma a esa voz que fala directamente ao corazón, en Galego, Portugués, en Crioulo, en Machopi ou en Inglés

“Aló irmão: onde é que nos imos atopar?”

20

21:00

Concerto Magritte

Presentación de Viaxe á Lúa, auditorio da Facultade de Veterinaria

“Magritte” é o primeiro proxecto musical conxunto da actriz de teatro “Nate Borrajo” (Sarabela Teatro, La Imagina Machina, ...) e o músico e compositor José Lameiras (El Pararrayos, Los Cambiantes, ...). “Magritte” presenta 10 cancións compostas por José Lameiras, foron gravadas e mesturadas en Xingreira-Estudio, sendo técnico de son Sergio Lameiras. No concerto tamén poden escoitarse adaptacións de cancións de David Bowie, The Clash ou Lou Reed

Nate Borrajo: voz, Josito Porto: Baixo eléctrico e voz, Jesús Dopazo: guitarra eléctrica, Xurxo Labrador: guitarra eléctrica e José Lameiras: batería

21

14:00

Concerto Panume

Tellados da esplanada do aulario da Facultade de Veterinaria

Pablo Núñez Meneses comunmente coñecido como **Panume**, é un mozo galego de 22 anos, naceu en Lugo, cuxas actividades e inquietudes musicais desbórdanse cada día que pasa

Nos últimos anos dedicouse intensivamente en creacións musicais, partindo de diversos estilos: *housse, tecno, chillousse*, ... pero sen dúbida algunha no estilo que el persoalmente se enmarca é o *Trance*

Un dos seus proxectos creados no ano 2005 foi *Amor a unha Terra*. Pero sen dúbida, unha das súas máis grandes creacións será *Escomenza o outono*

21:00

Concerto Grupo de Creación Musical da Vicerreitoría de Cultura

Conservatorio de Música

A Música e o “Entorno”

Falar de paisaxe sonora é falar dunha filme para os ouvidos, é como o compositor Denis Dufour define a música electroacústica

22

14:00

Concerto jazz: Mr. Dixie Jazz Band

Vidreira da Facultade de Veterinaria

Banda de estilo netamente Dixieland Chicago (30-40). Jazz de Raíces Afroamericanas. Formada por Guillermo Lancelotti (trompeta), Víctor Sánchez Millas (clarinete), Manu Gómez (guitarra), Agustín Rial (tuba) e Sam Pérez (batería). En resumo: oír, escoitar, sentir cada un dos sons desta Banda Dixieland, xa sexa en grupo ou os solos individuais, nos transporta a certos lugares como o Honky Tonk do vello Chicago ou outros clubs de New Orleans. Entre os temas que interpretan, pódense escoitar: Rata Paseandera, Royal Gardens Blues, Blues del techo de lata, Margie Georgia Brown, Después de haberte ido, Encontré una nueva nena, The Sheik of Araby... e moitos máis >

